

## **Anexo V: Entrevista Rosa Aneiros**

Esta entrevista, que reproducimos íntegra, foi realizada á escritora a través do correo electrónico durante o mes de xullo de 2014 con motivo deste Tráballo Fin de Grao.

### **1.Lembra como xurdiu a idea de *Resistencia*?**

Perfectamente. Vin unha imaxe no Museo da Resistencia de Peniche e souben que era o final dunha historia. Tomei apuntamentos nun caderno esa mesma tarde. Dixen para min: “aquí está o final, vexamos ata onde somos capaces de tirar do fío” E o nobelo foi unha novela, cousa que ata ese momento nunca tal fixera ... Resultame moi emocionante ver hoxe aquelas notas tan difusas e, á vez, tan contundentes.

### **2.O argumento da obra supoñemos que é unha historia ficticia, mais composta de moitos elementos reais. Partiu do coñecemento deses elementos a idea da novela?**

Si, sen os contos de Dinís Miranda escritos para as súas fillas na prisión probablemente non estaríamos a falar de *Resistencia*. Velaquí o punto de partida que, ao tempo, dá pistas, do punto de chegada. Todo o que aconteceu polo medio foi unha aventura marabillosa de coñecemento tanto da historia recente portuguesa como dos propios protagonistas da novela. A eles tamén tiveron que ir coñecéndoo aos poucos: os seus erros, as súas virtudes, o seu heroísmo, as súas miserias... Esta aprendizaxe foi tan marabillosa como da propia Historia.

### **3.Semella que a escritura desta obra, como ocorre con outras da súa produción, foi precedida dun complexo proceso de documentación fundamental. É así?**

Si, pero sempre defendo que a documentación ten que ser acompañamento nunca lastre. Por iso os papeis teñen que ser invisibles, tecidos que permitan soste a túa propia historia, non funcionar como áncoras para afundila. Por iso procuro que non apareza demasiado no relato

senón que sirva, como se fose un iceberg, de base de xeo que permite aboiar unha minúscula proporción da historia. Eu non quixen –nin estou capacitada, naturalmente- escribir a Historia portuguesa senón a historia dos meus personaxes.

#### **4.Cales foron as súas principais fontes de información e documentación para compoñer a novela?**

Xa non me lembro moito porque cando remato unha novela necesito arredar esa historia de min para comezar outra. Lembro diarios de presos, un libriño sobre a vida no cárcere, cartas e documentos de soldados nas fronte das colonias, páxinas de xornais da época... Se no canto de publicala en 2002 a publicase hoxe probablemente faría como Agustín Fernández Paz, unha edición expandida da novela cun blog no que podería ir incorporando os elementos que me serviron para o traballo de ambientación pero naquela época analóxica nin niso pensei... Se son sincera, cando estaba escribindo *Resistencia* crin que non a daría rematado, e xa de publicala nin falamos, polo que recompilar a documentación para lembrala despois pareceríame unha chocallada.

#### **5.*Resistencia* conta a vida de dúas persoas marcada pola historia contemporánea de Portugal, poderíamos dicir que todo o que pasan vén motivado polos sucesos histórico-sociais do país na segunda metade do século XX, é iso o que pretendía?**

Os sucesos histórico-sociais tiñan que ser o pano de fondo, o escenario, non o miolo da historia. Defendo, como dicía antes que a historia ten que ter peso e forza de seu, non apoiarse en exceso nos acontecementos históricos nin tampouco claudicar ao desexo de amosar canto unha sabe do que pasou realmente. *Resistencia* é a historia de Dinís, Filipa, Isaura, dona Leonor..., de todas e cada unha das persoas que aniñan e medran na novela. Non quixen facer Historia, esa fixérona os e as que a viviron e recuperala é o papel dos historiadores e historiadoras. Eu quixen

construír un mundo literario ambientado nunha época concreta e cuns condicionantes histórico-políticos que marcan profundamente a vida dos personaxes. Pero iso tamén sucede se ambientamos unha historia hoxe en día, non si? *Veú visitarme o mar* ten moitas pegadas da contemporaneidade. Inevitablemente.

### **6.A grandes trazos, que hai de real e que de ficticio en *Resistencia*?**

O real é a historia de Dinís e Filipa, de Isaura, de dona Leonor, de André... O ficticio foi a revolución dos cravos, as guerras coloniais de ultramar, as revoltas na fábrica de vidro, a prisión de Peniche... Ou era ao revés? Creo que ao final todo se funde creando un mundo novo no que as raíces están tan imbricadas que debe dificultar a distinción entre a realidade-real e a realidade-literaria. Porque, a fin de contas, a literatura é tamén realidade, ou non?

### **7.As personaxes de Dinís e Filipa, protagonistas da novela, están inspirados en persoas reais?**

Eles non, ou non conscientemente polo menos. Son mosaicos da vida e da invención.

### **8.Hai na obra unha gran presenza da figura de Cunhal, chegou a coñecelo? Falou con el sobre este proxecto?**

Tiña eu grande interese en coñecelo e tiven o atrevemento de escribirlle un correo ao Partido Comunista portugués para solicitarlle unha entrevista, xornalística, claro. Como ía dicirlle eu que era unha escritora de pouco máis de vinte anos que estaba a escribir unha novela ambientada no Portugal do último século? Parecíame unha ousadía dunha ninguén así que coidei que presentarme como xornalista sería o máis lóxico. Ninguén respondeu ese correo. Unha tarde namentres paseaba pola rúa alguén me chamou por teléfono para preguntarme sobre as razóns da entrevista, para advertirme que Álvaro Cunhal non estaba dispoñible, que outros cargos do

partido me poderían atender e o porqué do meu interese nese encontro. Aí tiven que confesar a verdade e dicir que a actualidade do Partido Comunista, as súas leas internas e debates de futuro tanto me tiñan, que eu só quería falar con Cunhal para preguntarlle pola súa estadía e fuga do cárcere de Peniche. Daquela, aquela voz dixo, lémbroo coma se fose hoxe, pois pregunta meninha, eu son Álvaro Cunhal. Case caio de cu. E o único que se me ocorreu dicirlle foi: por onde saía o sol no patio do cárcere? Xa ves ti, que parvada... El foi realmente encantador, pedíume o enderezo postal para enviarme uns libros e logo aínda me chamou varias veces para preguntarme: “minha meninha galega, e como vai a novela?” Penso moitas veces que talvez sen el nunca a acabaría. Sempre que me perdía no medio e medio da historia ou sufría contando algunha escena, pensaba: se Álvaro Cunhal foi capaz de vivilo, como non vou ser eu capaz de contalo? Cando a publiquei mandeille un exemplar, xaora. E chamoume outra vez. El xa estaba case cego pero alguén lla fora lendo en voz alta. Íame contando nas páxinas do libro en que aparecía citado e o orgulloso que estaba de saír nela... Álvaro Cunhal para min foi un agasallo da literatura.

**9. Sabemos que existiu realmente a folga de obreiros de 1934 na Marinha Grande, á que se refire na novela, mais existiu tamén esa revolta de 1968 na fábrica de vidro da Marinha Grande?**

E se che digo que agora non o lembro? Imaxino que si pero debería buscalo... Tamén eu fundín de tal maneira a Historia e a historia que nin eu mesma son capaz de distinguir xa a unha da outra nun exercicio de lembranza rápida. E se a iso lle sumamos que despois de Portugal camiñei pola catástrofe do Prestige, polo estoupido da guerra civil española, pola Francia do exilio, pola Cuba prerrevolucionaria, polo bar Luzada, polos mil mundos de Ámote Leo A... daquela convirás comigo que o esquezo dos detalles é imprescindible para soltar amarras e navegar por océanos novos...

**10. Existe algún motivo especial para a escolla da zona da Marinha Grande como localización da historia?**

Pasei quince días nesa zona e pareceume un lugar extraordinario, cunha grande evocación literaria: o Pinhal do Rei, as fábricas de vidro, os areais maravillosos, San Martinho do Porto, San Pedro de Moel, Leiría, Nazaré, Peniche... Como renunciar a eses espazos que falan por si mesmos? Os personaxes naceron alí e alí os deixei vivir. Non tería sentido buscarlles outro acubillo. Eles tampouco creo que mo permitisen.

**11. Precisamente, un dos elementos que aporta máis realismo á historia é a localización espacial. En xeral son reais todos os espazos? Incluso os de Mozambique?**

En xeral son reais todos, non lembro se introducín por necesidades narrativas algún recuncho inventado pero, en liñas xerais, existen e visitei todos os lugares portugueses onde se ambienta a historia. A ambientación e os lugares de Mozambique foron obtidos de memorias de combatentes nas guerras coloniais así que corresponden con lugares reais ou supostamente reais porque non os vin cos meus propios ollos...

**12. Resistencia ten moito de novela histórica e realista, tamén de memoria histórica e de ficción amorosa. A precisión na localización espacial e temporal, como dicía, fai que a historia sexa críbel. Semella que coida cada mínimo detalle neste sentido, é así?**

Ten que ser real. Se non o é, se os fíos da manipuladora de monicreques resultan visibles, rompería o pacto non escrito entre creadora e lectora e todo se converte nunha farsa. Como lectora non debe haber lugar para a dúbida, para pensar. Tes que deixarte levar pola historia como se todo existise, como se todo fose real. Se, de súpeto, algo non casa, se algo che fai dudar e buscar un dato, se un espazo non cadra, daquela morreu o conto e deixas de ser protagonista ti tamén da novela para te converter en analista. Como autora procuro entregar

outro mundo nas mans de quen le para que mergulle nel e ese mundo, por suposto, existe dende que cada lectura o converte en propio. E aí non hai lugar para ocos, preguntas ou silencios. Cadaquén ten que ler segundo lle pete. Non pode ser consciente de se isto é historia ou é amor. Hai moitas lectoras que me seguen preguntando hoxe onde vive agora Filipa, onde vive agora Dinís. Iso é o marabilloso da literatura.

**13. Chama especialmente a atención a descrición minuciosa da estadía no cárcere de Peniche de Dinís –tratamento dos presos, relacións entre eles, preparación das fugas etc.-, así como das accións da guerra colonial en Mozambique. Como coñeceu toda esta información? Foi a través de lecturas ou mediante testemuñas reais que viviron aqueles feitos?**

A través de lecturas, tanto testemuños como obras literarias. Moitas delas de Manuel Tiago, o pseudónimo de Álvaro Cunhal.

**14. Como consegue ese equilibrio perfecto entre o elemento persoal/amoroso e o social/histórico na novela? Pon algún deles ao servizo do outro?**

Defendo que a ambientación ten que estar sempre ao servizo da historia particular que relatas pero, neste caso, a contorna social e histórica é tan poderosa que, por momentos, cobra todo o protagonismo e acaba converténdose nun personaxe máis da novela. Que estea todo imbricado e non logres como lectora cuestionar en que parte estás en cada momento é o difícil pero necesario para que esta historia sexa “real”. Eu non pretendo reconstruír a Historia, ese é o papel dos historiadores e historiadoras. Eu constrúo historias.

**15. O interese pola historia recente parece claro ao lermos calquera das súas novelas máis importantes como *Sol de Inverno*, *Veú visitarme o mar* ou a propia *Resistencia*. Procede sempre da mesma forma á hora de escribir este tipo de obras que mesturan realidade, historia e ficción?**

Ao fío do anterior, sempre defendo que eu constrúo historias inventadas. Ao se ambientar en momentos histórico e políticos concretos deben ser consecuentes con eses momentos, ben para cuestionalos, ben para evocalos, ben para botar luz e rescatar do esquezo episodios que non deben ser soterrados nunha gabiá anónima da memoria colectiva. Supoño que a miña pegada xornalística fai que a realidade me pareza o mellor escenario onde ficcionar. Pero todos os elementos reais son catapultas cara a ese outro mundo literario que ninguén debe cuestionar se existiu ou non. Esa é maxia da escrita.